





Reclamante: 

Expediente. Nº **RSCTG 0126/2017**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 7 de decembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro.  escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 7 de decembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Vilar de Barrio

O reclamante indicaba que con data do 23/10/2017, solicitou ao concello os seguintes documentos:

- Expediente completo obras na parcela 1161 do Polígono 7, Vilar de Barrio. Obra “A Corga”. Referencia catastral 32090A00701161000HK e precisar tecnicamente o número de naves e o número de construcións que alberga a dita parcela e as autorizacións administrativas de cada unha delas.
- Informe da secretaría en relación ao recoñecemento de explotación agrícola gandeira das obras da parcela 1161 do Polígono 7.
- Peticións realizadas por veciños con acordo de expediente de recoñecemento de explotación agrícola gandeira, número de explotacións afectadas e número de propietarios que realizaron tal petición.

- Se indique se a explotación gandeira conta con algún depósito de Xurros, por ser o control de xurros competencia da administración local.

O escrito viña acompañado da solicitude dirixida o 23 de outubro ao concello de Vilar de Barrio. Neste escrito fundamentaba a petición no dereito á información ambiental ao amparo da Lei 27/2006 e o dereito á información en materia de transparencia de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Segundo. Con data 13 de decembro de 2017 déuselle traslado da documentación remitida polo reclamante ao concello para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 18 de decembro de 2017, sen que o concello remitise o informe e o expediente solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 establece que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustándose a súa tramitación ao disposto na legislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 24 da Lei 1/2016 recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

Este expediente está relacionado co RSCTG 81/2017 no que o reclamante solicitou determinada información sobre cualificación urbanística, período de exposición pública de licenza de obra e alegacións á mesma relativas á parcela 1161 del polígono 7 del municipio de Vilar de Barrio (Ourense), expediente que foi estimado por motivos formais, ao remitir o Concello a información solicitada fora de prazo.

No escrito que presentou o 23/10/2017 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia dirixido ao Concello de Vilar de Barrio, solicita expediente completo de obras na parcela de referencia que inclúa o número de naves e construcións, así como autorizacións administrativas de cada unha delas, informe sobre o recoñecemento de explotación agrícola ou gandeira, peticións realizadas polos veciños no expediente de recoñecemento de explotación agrícola e gandeira e indicación de si existe algún depósito de xurro.

De acordo co anterior, non pode considerarse reiterativa a petición realizada, dado que, aínda que a a información solicitada é referida á mesma parcela, o contido da información solicitada é diferente, polo que entrando a información solicitada dentro do que o artigo 24 da Lei 1/2016 define como información pública, ao tratarse de contidos ou documentos que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das funcións propias do Concello, procede recoñecer o dereito do reclamante á obtención da información solicitada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 7 de decembro de 2017, contra a denegación da súa solicitude de acceso á información por silencio administrativo negativo do Concello de Vilar de Barrio.

Segundo: Instar ao Concello de Vilar de Barrio, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Vilar de Barrio, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga